

# APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



Ilustracións: Tania Solla  
Textos: Polo Correo do Vento

## EMILIA PARDO BAZÁN

(A Coruña 1851 - Madrid 1921)

Foi unha escritora, xornalista,  
editora e catedrática galega,  
defensora dos dereitos da muller  
e precursora do movemento feminista.

Foi a primeira muller catedrática en  
Literatura Contemporánea

e de Linguas Neolatinas na Universidade Central e colaboradora  
da Institución Libre de Ensinanza (ILE).

Emilia é unha figura cunha grande obra literaria, na que  
traballou distintos formatos: novelas como *Os pazos de Ulloa*,  
libros de viaxes, artigos, revistas, obras teatrais, contos...

Tanto nos seus escritos coma na súa vida defende unha mesma  
educación para homes e mulleres, denunciando o sexismo  
da sociedade e loitando por unha igualdade de oportunidades  
e dereitos.


E ti, queres saber máis?

Sabías que  
Emilia Pardo Bazán  
foi rexeitada por  
tres veces para ocupar  
un posto de membro na  
Real Academia Española?

# MULLERES GALEGAS

investiga

Emilia Pardo Bazán foi rexeitada por tres veces para ocupar un posto de membro na Real Academia Española, xa que naquel tempo había xente que pensaba que as mulleres non debían ocupar traballos de responsabilidade como académicas do idioma.



Que opinas desta cuestión?

Investiga a vida de Concepción Arenal e atopa similitudes na súa vida profesional e no ingreso na Real Academia Española con Emilia Pardo Bazán.

---



---



---



---



---

Sabías que  
Emilia Pardo Bazán  
deu o papel de  
protagonista a unha  
muller obreira galega  
na súa obra *La Tribuna*?

# MULLERES GALEGAS

colorea





Neste encrucillado aparecerán agochados diferentes termos relacionados coa vida de Emilia Pardo Bazán.

# MULLERES GALEGAS


## encrucillado

### Horizontais:

- 2 - Lugar de nacemento de Emilia Pardo Bazán.
- 3 - Institución Libre de Ensinanza.
- 4 - Idioma que falan en Inglaterra e que falaba Emilia Pardo Bazán.
- 7 - Novela da súa autoría: "Os pazos de ....."
- 11- Figura do movemento.....

### Verticais:

- 3 - Profesión das persoas que escriben nos xornais.
- 4 - Defensora da ....., buscaba a igualdade cos homes.
- 7 - Idioma que falaba Emilia e que se fala en Berlín.
- 9 - Idioma que falaba Emilia e que se fala en Bordeos.
- 11- As que escriben libros son.....



Sabías que o precedente da Real Academia Galega (RAG) foi unha sociedade presidida por Emilia Pardo Bazán, chamada Folklore Gallego?

# MULLERES GALEGAS

pescuda

Folklore Gallego tiña como obxectivo estudar a nosa cultura e o noso idioma. A sede da Real Academia Galega foi doada pola familia de Emilia Pardo Bazán.

Pescuda nas redes e contesta:  
Cales son os cometidos da Real Academia Galega?  
En que cidade está a súa sede?  
Cantas académicas hai na Real Academia Galega?



Nas obras de Emilia Pardo Bazán son moi importantes as figuras femininas e as súas crónicas de viaxes.

# MULLERES GALEGAS

escribe



Fai un conto de viaxes no que a protagonista sexa unha moza.

Comprueba  
as túas  
actividades.

# MULLERES GALEGAS

soluciona

encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1		X		M							
2	C	O	R	U	Ñ	A					
3		R		L					I	L	E
4	I	N	G	L	E	S					S
5		A		E					F		C
6		L		R			A		R		R
7		I			U	L	L	O	A		I
8		S					E		N		T
9		T					M		C		O
10		A					A		E		R
11			F	E	M	I	N	I	S	T	A

